

Os proxectos trienais seleccionados son os seguintes:  
 Proxecto: *Compra XXI*.  
 Centro: CEIP Froebel (Pontevedra).

Proxecto: *Consumo, xénero e igualdade*.  
 Centro: IES Laxeiro - Lalín (Pontevedra).

Proxecto: *Coñecer e comprender para mellor consumir*.  
 Centro: CEIP Lourido- Poio (Pontevedra).

Proxecto: *A Auga das nosas vidas*.  
 Centro: CEIP Santo Estevo de Parga (Lugo).

## CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES

*Orde do 28 de decembro de 2007 pola que se regula a concesión de subvencións aos concellos de Galicia para a redacción de instrumentos de planeamento urbanístico, durante o ano 2008.*

Por medio da Orde do 20 de abril de 2007 (DOG nº 79, do 24 de abril) establecéronse as bases reguladoras da concesión de subvencións aos concellos de Galicia para a redacción de instrumentos de planeamento urbanístico. As razóns que motivaron a aprobación desa norma continúan estando presentes na actualidade. Así, por unha parte segue a ser necesaria a adaptación de boa parte do planeamento urbanístico á Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, modificada pola Lei 15/2004, do 29 de decembro, e, por outra, os concellos interesados en tal adaptación seguen a ter notables dificultades para afrontar o esforzo orzamentario que implica o cumprimento desa finalidade.

De xeito similar á Orde do 20 de abril de 2007, dúas son as notas que caracterizan ás bases reguladoras da concesión das subvencións previstas nesta orde. Primeiramente, e no que atinxe ao seu ámbito de aplicación subxectivo, as subvencións para redacción de plans xerais de ordenación municipal teñen como destinatarios os concellos de Galicia cunha poboación que non supere a cifra dos 50.000 habitantes. Para os que superen esta cifra, as axudas poderán concederse mediante a sinatura dun convenio de colaboración, no que se establecerán as súas específicas condicións. Así mesmo, tamén poderán ser obxecto de convenio aqueles outros instrumentos de ordenación urbanística de iniciativa pública, de xustificadeo interese público e urxente necesidade, independentemente da cifra de poboación do concello. Tal cifra tampouco resulta aplicable aos demais instrumentos de planeamento que, diferentes dos devanditos plans xerais de ordenación municipal, son susceptibles de seren subvencionados ao abeiro desta orde.

En segundo lugar, no relativo ao procedemento de concesión, debe poñerse de manifesto a inexistencia de concorrencia competitiva, posibilidade esta expresamente prevista polo artigo 19.2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, dado que non se parte da comparación das solicitudes recibidas, senón do obxecto e finalidade da subvención solicitada e do cumprimento por cada concello solicitante dos requisitos establecidos para obter a correspondente subvención. Tales circunstancias determinan a non necesidade de realizar unha comparación entre as solicitudes recibidas, así como tampouco establecer unha orde de prelación entre elas.

Xunto co exposto, cómpre poñer de manifesto a adaptación desta orde ao novo réxime xurídico que, en materia de subvencións, deriva da entrada en vigor da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Consecuentemente co que antecede, logo dos informes favorables da Asesoría Xurídica, Intervención Delegada nesta Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, Dirección Xeral de Planificación e Fondos Comunitarios e Dirección Xeral de Calidade e Avaliación de Políticas Públicas; e no exercicio das facultades que teño atribuídas polo artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa presidencia,

### DISPOÑO:

#### Artigo 1º.-*Obxecto e beneficiarios.*

1. Esta orde ten por obxecto establecer as bases que regulan en 2008 a convocatoria e a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, das subvencións que poida conceder a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes para redacción dos instrumentos de planeamento urbanístico que detalla o artigo 2º.

En virtude do previsto polo parágrafo 2º do artigo 8.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, as agrupacións de concellos indicarán en anexo á súa solicitude os compromisos de execución asumidos por cada membro da agrupación, así como o importe da subvención que se aplicará por cada un deles, que terán igualmente a consideración de beneficiarios. O anexo deberá ser suscrito por quen exerza a representación legal da agrupación solicitante.

2. Poderán ser beneficiarios das subvencións previstas nesta orde os concellos de Galicia, así como as agrupacións de concellos a que alude a alínea 1º b) do artigo 2º.

#### Artigo 2º.-*Instrumentos de planeamento susceptibles de seren subvencionados.*

1. Poderá ser obxecto de subvención a redacción dos seguintes instrumentos de planeamento:

a) Plans xerais de ordenación municipal dos concellos de Galicia cunha poboación que non supere a cifra dos 50.000 habitantes.

b) Plans xerais de agrupacións de concellos que formen unha unidade de planeamento homoxénea, sempre que acrediten o cumprimento das condicións que establece o artigo 82 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

c) Plans especiais definidos nos artigos 69 e 72 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

d) No suposto de plans xerais de ordenación municipal ou de plans especiais en execución, a elaboración da documentación necesaria para dar cumprimento aos trámites exhibibles a teor do previsto pola Lei 9/2006, do 28 de abril, sobre avaliación dos efectos de determinados plans e programas no ambiente.

e) A redacción de plans xerais de ordenación municipal daqueles concellos cuxo planeamento urbanístico xeral estea suspendido ou con acordo de inicio de suspensión ditado pola Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, segundo establece o artigo 96.2º da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, así como o que, estando en vigor, resultase anulado en virtude de sentenza xudicial.

2. Tamén poderán ser obxecto de subvención os instrumentos de planeamento, de entre os recollidos nos anteriores números que, á data de entrada en vigor desta orde, estivesen xa contratados ou en fase de contratación e que aínda non acadasen a súa aprobación definitiva.

#### Artigo 3º.-*Solicitudes.*

1. As entidades previstas no número 2º do artigo 1, interesadas en obter as subvencións reguladas por esta orde, deberán presentar a correspondente solicitude, subscripta por quen exerza a súa representación legal, de conformidade coas previsións do artigo 70 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, segundo o modelo que se publica como anexo I.

2. A solicitude, dirixida á Dirección Xeral de Urbanismo, acompañarase da documentación sinalada no artigo 5º e poderá presentarse por calquera das formas previstas no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

3. En cumprimento do previsto pola alínea a) do artigo 14 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e para os efectos do previsto na disposición adicional do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, e no artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de

boas prácticas na Administración pública galega, mediante a presentación da solicitude de subvención, así como coa sinatura do anexo I, a entidade solicitante presta expresamente o seu consentimento á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes para que esta inclúa e faga públicos nos referidos rexistros e páxina web os datos relevantes relativos ás subvencións recibidas e ás sancións que como consecuencia delas puidesen impoñerse. De conformidade coa Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, a solicitante poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, consulta, cancelación e oposición mediante escrito dirixido á Consellería de Economía e Facenda.

#### Artigo 4º.-*Prazo de presentación de solicitudes.*

O prazo para a presentación de solicitudes iniciárase o día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia* e concluirá o 31 de maio de 2008.

#### Artigo 5º.-*Documentación.*

Xunto coa solicitude a que alude o artigo 3º, as entidades interesadas en obter as subvencións obxecto desta orde, deberán achegar a documentación que a seguir se indica, en orixinal ou por medio de copias compulsadas:

a) Memoria explicativa da finalidade da subvención que se solicita e, se é o caso, referencia ás circunstancias específicas que, a xuízo da solicitante, concorran na súa solicitude.

b) Para os casos expresados no artigo 2º, números 1º b) e 2 desta orde, documentación acreditativa dos antecedentes de contratación dos traballos e do seu estado actual de execución, así como valoración xustificada do importe dos traballos complementarios exhibibles a teor do previsto pola Lei 9/2006, do 28 de abril, sobre avaliación dos efectos de determinados plans e programas no ambiente.

c) Cronograma que recollerá as previsións de execución dos traballos para os cales se solicita a subvención, segundo o modelo que se xunta a esta orde como anexo II.

d) Orzamento base estimado subvencionable (OBES): no caso de solicitudes presentadas para obter subvención para a redacción dun Plan Xeral de Ordenación Municipal, o OBES será o resultado de aplicar os criterios que se indican no inciso primeiro da alínea a) do artigo 12.2º e no anexo A desta orde. Para estes efectos a entidade solicitante deberá achegar debidamente cuberto o anexo III.

No suposto de solicitudes recibidas para a redacción de calquera dos restantes instrumentos de planeamento susceptibles de seren subvencionados ao abeiro desta orde, segundo determina o segundo inciso da alínea a) do citado artigo 12.2º, achegarase unha valoración xustificada do custo da súa redacción con base na finalidade, extensión e complexidade dos tra-

ballos que se van realizar, e que deberá ser subscrita por técnico competente.

e) A que acredite a personalidade e o apoderamento suficiente e subsistente de quen actúa en nome e representación da entidade solicitante. Esta circunstancia farase constar mediante certificado expedido para tales efectos pola secretaría xeral da entidade solicitante e que, no suposto de agrupacións de concellos, deberá indicar que dispón de poderes suficientes para cumprir as obrigas que, como beneficiario, corresponden a tal agrupación.

f) Certificado expedido pola secretaría xeral da entidade solicitante en que se recolla o acordo do órgano municipal competente de solicitar as subvencións previstas nesta orde e a concreta finalidade para a cal se solicitan.

g) Declaración do representante legal da entidade solicitante en que conste o conxunto das axudas, subvencións, recursos económicos ou ingresos, solicitados, aprobados, concedidos ou pendentes de resolución, para a mesma finalidade para a que solicita a subvención á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, das distintas administracións públicas, entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou internacionais, seguindo o modelo que se xunta como anexo IV.

h) Autorización do representante legal da entidade solicitante para que a Xunta de Galicia poida utilizar o documento de planeamento obxecto da subvención, publicalo de xeito convencional ou a través de páxina web, así como para que poida percibir, de ser o caso, os importes para resarcimento dos custos derivados da publicación e/ou venda de contidos do documento de planeamento subvencionado, utilizando o modelo do anexo V desta orde.

#### Artigo 6º.-*Normas de instrución do procedemento.*

O procedemento de concesión das subvencións que regula esta orde desenvolverase de conformidade coas normas xerais aplicables aos procedementos administrativos iniciados por solicitude dos interesados, así como polas seguintes previsións:

a) De conformidade co establecido no artigo 1º, as subvencións recollidas nesta orde concederanse en réxime de concorrencia non competitiva e ata esgotar o crédito orzamentario destinado ao seu financiamento. Consecuentemente, serán concedidas sen comparación con outras solicitudes.

b) O procedemento considerarase iniciado para a solicitante na data en que tivese entrada a súa solicitude no correspondente rexistro.

c) As solicitudes de subvención que cumpran os requisitos exixidos por esta orde, acompañadas da correspondente documentación, atenderanse pola orde cronolóxica de presentación.

d) Será competente para instruír o procedemento, así como para formular a correspondente proposta de resolución, a Subdirección Xeral de Urbanismo.

#### Artigo 7º.-*Resolución.*

1. O prazo para ditar e notificar a resolución que proceda será dun mes, e contarase desde o día seguinte ao da entrada da correspondente solicitude no rexistro do órgano competente para resolver.

2. A resolución favorable pola que se subvenciona o instrumento de planeamento de que se trate conterá, como mínimo, os seguintes puntos:

a) Finalidade concreta para a cal se concede.

b) Importe da subvención outorgada con cargo aos orzamentos da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes.

c) Previsións temporais e importe das anualidades e dos aboamentos parciais.

d) Calquera outra especificación que se considere oportuna en cada caso concreto; en especial, e tal e como determina o derradeiro parágrafo do artigo 8.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para o suposto de que a beneficiaria sexa unha agrupación de concellos, deberán indicarse os compromisos de execución asumidos por cada membro da agrupación, así como o importe da subvención que se aplicará por cada un deles.

3. Transcorrido o prazo dun mes sen que se lle notificase a resolución expresa, a solicitante poderá entender desestimada a súa solicitude, de conformidade co disposto no parágrafo 2º do artigo 2 da Lei 6/2001, do 29 de xuño, de adecuación da normativa da Comunidade Autónoma de Galicia á Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de modificación da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

4. Sen prexuízo do previsto no artigo 13º desta orde, toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou mesmo internacionais, poderá dar lugar a unha nova resolución que modifique as condicións e importe da subvención.

#### Artigo 8º.-*Réxime de recursos.*

As resolucións dos expedientes tramitados ao abeiro do disposto nesta orde esgotarán a vía administrativa, polo que, de conformidade co previsto no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, contra delas poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo perante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa notificación, se for expresa; se non o for, o prazo será de seis meses e, para a solicitante, contarase a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

Malia o anterior, por ter a recorrente a condición de Administración pública, poderá facer uso do requirimento previo a que alude o artigo 44 da antedita Lei 29/1998.

Artigo 9º.-*Financiamento.*

1. As subvencións outorgadas conforme o disposto nesta orde serán financiadas con cargo á aplicación orzamentaria 08.02.521A.760.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2008, destinándose para tal finalidade un total de dezaseis millóns cincocentos mil euros (16.500.000 €), distribuídos nas seguintes anualidades:

-2008: 3.500.000 €.

-2009: 2.000.000 €.

-2010: 4.000.000 €.

-2011: 3.500.000 €.

-2012: 3.500.000 €.

2. As subvencións poderán ser de carácter plurianual cos límites e porcentaxes establecidos no artigo 58.3º do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro.

3. Para o suposto de que a subvención concedida non alcance o 100% do custo de redacción do instrumento de planeamento, a entidade solicitante deberá achegar certificación que acredite a aplicación de fondos propios ao financiamento da actividade subvencionada.

4. De conformidade co previsto no artigo 40.1º do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, as subvencións obtidas ao abeiro desta orde non poderán ser aplicadas a unha finalidade distinta daquela para a que foron concedidas.

Artigo 10º.-*Compatibilidade de axudas e subvencións.*

1. As subvencións previstas nesta orde decláranse compatibles con outras axudas, subvencións, recursos económicos ou ingresos que a entidade beneficiaria obteña das distintas administracións públicas, entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou mesmo internacionais para a mesma finalidade para a que lle foi concedida a subvención pola Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes. Malia isto, e por aplicación do establecido no artigo 17.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada. Neste caso, a subvención concedida ao abeiro desta orde reducirase ata acadar o cumprimento da condición establecida anteriormente.

2. A obtención por parte da beneficiaria dos recursos económicos declarados compatibles coa subvención concedida deberá ser comunicada tan pronto como se coñeza á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes.

Artigo 11º.-*Subcontratación.*

1. Para os efectos do previsto no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, expresamente se autoriza as entidades beneficiarias das subvencións previstas nesta orde para que subcontraten ata o 100% do importe dos traballos necesarios para a redacción dos instrumentos de planeamento susceptibles de seren subvencionados. Tal autorización considérase concedida sen prexuízo do previsto na alínea b) do artigo 18º desta orde, así como, se é o caso, do cumprimento das previsións que establecen os números 3º e seguintes do devandito artigo 27.

2. A autorización prevista no parágrafo anterior entenderase concedida con carácter retroactivo para os supostos de que a redacción do instrumento de planeamento subvencionable estivese contratada ou en fase de contratación.

Artigo 12º.-*Cálculo da contía da subvención.*

1. Os límites dos importes das subvencións que poida conceder a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes para a realización das actividades susceptibles de seren subvencionadas ao abeiro desta orde, estarán determinados pola aplicación dos criterios que se determinan nos seguintes apartados.

2. Para determinar o importe da subvención que se poida conceder, observaranse as seguintes regras:

a) Primeiramente establecerase o OBES:

-Os criterios para determinar o OBES de plans xerais de ordenación municipal serán: a poboación do concello (C1); a súa superficie en quilómetros cadrados (C2), o número das súas entidades de máis de cinco vivendas segundo o nomenclátor (C3); poboación do seu núcleo máis poboado (C4); número dos seus núcleos de máis de mil habitantes (C5); e tipo do seu planeamento vixente (C6). A cada criterio corresponderá un valor, obtido en función dos datos e baremo que figuran no anexo A desta orde. O importe do OBES será o resultado de realizar a seguinte operación aritmética:  $C1 \times C2 \times C3 \times C4 \times C5 \times C6 \times 142.000$  €.

-O OBES para os restantes instrumentos de planeamento estará determinado pola valoración xustificada do custo da súa redacción con base na finalidade, extensión e complexidade dos traballos que se vaian realizar, que deberá ser subscrita por técnico competente.

b) Ao importe do OBES seranlle aplicadas as porcentaxes que máis abaixo se indican, establecidas en función da poboación do concello solicitante, e o seu

resultado determinará a subvención, sen prexuízo das previsións contidas no artigo seguinte.

-Concellos cunha poboación que non supere a cifra dos 5.000 habitantes, así como aqueles que estean comprendidos nas circunstancias que menciona o artigo 2.1º, alínea e): 100%.

-Concellos cunha poboación comprendida entre os 5.001 e 20.000 habitantes: o 90%.

-Concellos cunha poboación comprendida entre os 20.001 e 50.000 habitantes: o 80%.

3. Para os efectos do previsto na alínea b) tomaranse como referencia as cifras oficiais de poboación na data 1 de xaneiro de 2006, publicadas polo Instituto Galego de Estatística.

4. A Subdirección Xeral de Urbanismo verificará a correcta aplicación dos criterios establecidos para determinar o OBES de redacción de plans xerais de ordenación municipal, ou conformará a valoración xustificada do custo da redacción dos restantes instrumentos de planeamento a que alude a alínea d) do artigo 5º.

No suposto de discrepancia na aplicación dos criterios para determinar o OBES ou desconformidade coa valoración achegada, o concello solicitante disporá dun prazo de dez días hábiles para formular alegacións.

*Artigo 13º.-Modificacións do importe da subvención inicialmente aprobada.*

Cando o importe do contrato subscrito pola entidade beneficiaria co equipo redactor dos traballos para os que se concedeu a subvención sexa inferior ao OBES, procederase á modificación da subvención aprobada mediante a aplicación ao dito importe contractual das porcentaxes previstas na alínea 2º b) do artigo anterior. O seu resultado será a contía definitiva da subvención concedida; figurará nunha nova resolución do órgano competente para resolver e seralle comunicada á entidade solicitante.

*Artigo 14º.-Pagamento das subvencións.*

O pagamento das subvencións concedidas ao abeiro desta orde terá lugar mediante aboamentos parciais, logo de que a entidade beneficiaria o solicite e xustifique documentalmente o cumprimento dos trámites e requisitos que se detallan nos artigos seguintes ou de oficio pola Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, por corresponderlle, segundo a normativa urbanística aplicable, algún dos trámites detallados nos artigos seguintes.

*Artigo 15º.-Aboamentos parciais.*

1. Os aboamentos parciais das subvencións concedidas estarán en función das previsións temporais, importes e traballos necesarios para a redacción do planeamento de que se trate segundo a correspondente resolución de concesión, e que, en todo caso, se axustarán ás seguintes pautas e porcentaxes sobre do importe da subvención concedida:

a) Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM):

-1º aboamento: logo da sinatura do contrato de redacción do plan: 20%.

-2º aboamento: emitido pola Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes o informe preceptivo, previo á aprobación inicial do plan, e sempre que non sexa desfavorable: 20%.

-3º aboamento: certificada a aprobación inicial do plan polo órgano municipal competente, así como a inserción dos anuncios de exposición pública: 20%.

-4º aboamento: certificada a aprobación provisoria do plan polo órgano municipal competente: 20%.

-5º aboamento: aprobado definitivamente o plan pola Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes: 20%.

b) Plan especial de protección previsto no PXOM, agás os que estean previstos para establecer a ordenación pormenorizada de solo urbano consolidado:

-1º aboamento: logo da sinatura do contrato de redacción do plan: 20%.

-2º aboamento: certificada a aprobación inicial do plan polo órgano municipal competente, así como a inserción dos anuncios de exposición pública: 50%.

-3º aboamento: certificada a aprobación definitiva do plan polo órgano municipal competente e logo da remisión á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes dos exemplares exixidos pola lexislación urbanística: 30%.

c) Plan especial de protección non previsto no PXOM e plan especial de protección que estableza a ordenación detallada do solo urbano consolidado:

-1º aboamento: logo da sinatura do contrato de redacción do plan: 20%.

-2º aboamento: certificada a aprobación inicial do plan polo órgano municipal competente, así como a inserción dos anuncios de exposición pública: 30%.

-3º aboamento: emitido pola Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes o informe preceptivo e vinculante, previo á aprobación definitiva, e sempre que non sexa desfavorable: 30%.

-4º aboamento: certificada a aprobación definitiva do plan polo órgano municipal competente e logo da remisión á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes dos exemplares exixidos pola lexislación urbanística: 20%.

d) Plans especiais de protección, rehabilitación e mellora do medio rural:

-1º aboamento: logo da sinatura do contrato de redacción do plan: 20%.

-2º aboamento: certificada a aprobación inicial do plan polo órgano municipal competente, así como a inserción dos anuncios de exposición pública: 30%.

-3º aboamento: certificada a aprobación provisoria do plan polo órgano municipal competente: 30%.

-4º aboamento: aprobado definitivamente o plan pola Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes: 20%.

2. Os aboamentos parciais que correspondan a acordos de aprobación definitiva adoptados polos órganos municipais competentes quedarán condicionados ao control de legalidade que sobre de tales acordos debe exercer a Xunta de Galicia en virtude do previsto pola lexislación urbanística, así como pola de réxime local.

#### Artigo 16º.-*Xustificación.*

1. Para proceder aos aboamentos parciais mencionados no artigo anterior, vinculados a trámites que corresponden á beneficiaria, será necesario que o concello, previamente e sen prexuízo de que achegue orixinal ou copia compulsada da correspondente documentación, remita, dentro do prazo establecido na resolución de concesión, certificado expedido pola secretaría xeral do concello en que conste, segundo proceda:

-As principais características do contrato de redacción do plan de que se trate co equipo redactor (identificación do adxudicatario, data de sinatura, importes total e parciais, forma de pagamentos, cronograma de redacción dos traballos, etc.), así como a referencia ao pagamento ao dito equipo da cantidade que, se fora o caso, lle corresponda abonar á entidade beneficiaria segundo a porcentaxe de cofinanciamento que resulte do custo do contrato. Cando proceda, a dita certificación tamén incluírá a xustificación de ter realizado o pagamento ao adxudicatario do contrato do total do custo da fase inmediatamente anterior.

-O contido do correspondente acordo de aprobación adoptado polo órgano municipal competente e a referencia a que se produciu a inserción dos anuncios de exposición pública, con expresión do lugar e data de tales insercións.

2. Considerarase cumprido parcialmente o obxecto e a finalidade para a que foi concedida a subvención cando a entidade beneficiaria xustifique a realización dos trámites indicados no artigo anterior e que segundo a normativa urbanística sexan da súa competencia. Malia isto, a acreditación da sinatura do contrato de redacción dos traballos non terá a consideración de cumprimento parcial.

3. En todo caso, antes de proceder ao último aboamento parcial a beneficiaria deberá acreditar a aplicación da totalidade dos fondos recibidos á finalidade para a cal lle foi concedida a subvención, así como os fondos propios que destinou para tal fin.

4. Xunto coa documentación necesaria para cada un dos aboamentos parciais que corresponda, a entidade beneficiaria achegará á Dirección Xeral de Urbanismo copia en soporte dixital dos traballos efectuados nas condicións especificadas nos correspondentes pregos de contratación.

5. Antes de producirse o derradeiro pagamento parcial, a beneficiaria deberá achegar unha declaración complementaria do conxunto das axudas, subvencións, recursos económicos ou ingresos, solicitados, aprobados, concedidos ou pendentes de resolución, para a mesma finalidade para a cal lle foi concedida a subvención pola Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, das distintas administracións públicas, entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou internacionais.

6. O prazo máximo para xustificar o cumprimento da finalidade para a que foi concedida a subvención será de catro anos, contados desde o día seguinte ao de recepción da notificación da resolución de concesión de tal subvención.

7. Para o caso de xustificación de subvencións concedidas a agrupacións de concellos, estarase ao disposto polo artigo 28.8º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

#### Artigo 17º.-*Coordinación.*

1. A Dirección Xeral de Urbanismo, co obxecto de comprobar o cumprimento dos requisitos establecidos para a obtención das subvencións que regula esta orde, supervisará a execución e desenvolvemento dos traballos de redacción do instrumento de planeamento subvencionado.

2. Para tal finalidade, así como para unha adecuada coordinación coa referida dirección xeral, o concello beneficiario da subvención concedida deberá comunicar o nomeamento dun director dos traballos. Será o interlocutor ante as unidades administrativas da dita dirección xeral que asuman a concreta supervisión do desenvolvemento e a execución tanto material como temporal da redacción do instrumento de planeamento subvencionado.

#### Artigo 18º.-*Obrigas.*

As entidades beneficiarias das subvencións previstas nesta orde, ademais de cumpriren as obrigas establecidas pola normativa aplicable con carácter xeral ás axudas e subvencións públicas, deberán:

a) Realizar as actividades para as cales se concede a subvención, de conformidade coas disposicións previstas nesta orde e nas resolucións, instrucións ou circulares que poidan desenvolve-la.

b) Incorporar nos pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que rexerán na contratación do equipo redactor do instrumento de planeamento urbanístico subvencionado, as prescricións aprobadas para tal finalidade pola Dirección Xeral de Urbanismo.

c) Entre os vogais das mesas de contratación constituídas para adxudicar os contratos de redacción dos instrumentos de planeamento urbanístico susceptibles de subvención, figurará un representante da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, designado por proposta da Dirección

Xeral de Urbanismo. Para estes efectos, a beneficiaria deberá solicitar da dita dirección xeral tal designación.

d) Acreditar ante a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes a realización das actividades e o cumprimento dos requisitos exixidos para a concesión da subvención, achegando a documentación que lles sexa requirida coa finalidade de verificar o cumprimento das obrigas que derivan da dita concesión.

e) Someterse ás actuacións de comprobación efectuadas pola Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, ás de control financeiro que corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, así como ás previstas na lexislación do Consello de Contas ou Tribunal de Contas e, para o suposto de cofinanciamento coa Unión Europea, ás que poida efectuar o Tribunal de Contas da Unión Europea.

f) Identificar convenientemente, para os efectos de difusión pública e logo de que estea definitivamente aprobado, que o instrumento de planeamento de que se trate foi elaborado coa subvención da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes.

*Artigo 19º.-Incumprimento de obrigas. Reintegro da subvención.*

1. Procederá o reintegro total ou parcial das cantidades percibidas en concepto de subvención máis os xuros de demora producidos desde o momento do seu pagamento, cando se produzan as causas sinaladas no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. O cálculo dos xuros de demora efectuarase de conformidade co previsto no artigo 34.2º da dita Lei 9/2007.

2. De conformidade co previsto no artigo 32.4º da antedita Lei 9/2007, a declaración xudicial ou administrativa de nulidade ou anulación da resolución de concesión da subvención levará consigo a obriga do beneficiario de devolver as cantidades percibidas.

3. Se da correspondente comprobación derivara que a beneficiaria percibiu recursos económicos superiores ao 100% do orzamento que require a actividade subvencionada, procederá ao reintegro á comunidade autónoma do exceso obtido e dos xuros de demora correspondentes, segundo dispón o artigo 33.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

4. En virtude do estipulado no artigo 35 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o dereito da administración para o recoñecemento ou liquidación do reintegro prescribirá aos catro anos. O cómputo dese prazo e as súas causas de interrupción rexeranse polo previsto nos puntos 2º e 3º do dito artigo 35.

*Artigo 20º.-Fiscalización e control.*

1. A concesión das subvencións reguladas nesta orde estará sometida ao exercicio da función interventora e do control financeiro por parte da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, nos termos establecidos no título III da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como ás actuacións de comprobación previstas nas lexislacións do Consello de Contas e Tribunal de Contas.

2. Os beneficiarios e os terceiros relacionados co obxecto da subvención ou a xustificación estarán na obriga de prestar colaboración e facilitar canta documentación lles sexa requirida no exercicio das funcións de control que corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, así como polos órganos que, de acordo coa normativa comunitaria, teñan atribuídas funcións de control financeiro, que para esta finalidade terán as facultades que lle outorga o artigo 46.1º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

*Artigo 21º.-Réxime sancionador.*

As infraccións administrativas cometidas en relación coas subvencións reguladas nesta orde sancionaranse de conformidade co disposto nos artigos 59 a 61 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

*Artigo 22º.-Publicidade.*

As subvencións concedidas ao abeiro desta orde serán obxecto de publicación na forma e prazos establecidos polos artigos 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, e nas condicións que determina o Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

*Disposicións adicionais*

Primeira.-Delégase no director xeral de Urbanismo o exercicio das competencias necesarias para resolver a concesión ou denegación das subvencións solicitadas ao abeiro desta orde, así como autorizar, dispoñer, recoñecer a obriga e propoñer ao conselleiro de Economía e Facenda a ordenación dos pagamentos que procedan.

Segunda.-Sen prexuízo do previsto polo artigo 31.7º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aplicarase ao disposto na Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2008 en materia de xustificación das entidades solicitantes de estaren ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias de carácter estatal e autonómico ou coa Seguridade Social, así como de non teren pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da comunidade autónoma.

Terceira.-Se como consecuencia das resolucións de concesión das subvencións previstas nesta orde se esgotara o crédito orzamentario destinado ao seu financiamento, as solicitudes non atendidas, se cumpren os requisitos establecidos para tales efectos, incorporaranse á primeira resolución de concesión da convocatoria seguinte.

En todo caso, observarase ao disposto nos puntos 2º e 4º do artigo 31 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, en materia de esgotamento ou incremento dos créditos destinados ao financiamento das subvencións reguladas por medio desta orde.

Cuarta.-A Dirección Xeral de Urbanismo poderá realizar, durante o prazo de vixencia da orde, os reaxustes das anualidades orzamentarias que considere necesarias, logo de analizado o ritmo de execución dos traballos subvencionados. Os referidos reaxustes non poderán variar o importe total da subvención concedida, o seu réxime xurídico ou mesmo modificar, no seu conxunto, as porcentaxes que sobre o investimento plurianual establece o artigo 58.3º, do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia. De tales actos darase traslado ao concello afectado.

Quinta.-Por tratarse dun expediente de tramitación anticipada de gasto, e de conformidade coa orde da Consellería de Economía e Facenda do 11 de febreiro de 1998, sobre tramitación anticipada de expedientes de gasto, a efectividade das obrigas derivadas desta, queda sometida á condición suspensiva da existencia de crédito axeitado e suficiente, segundo os artigos 2º e 3º da mencionada disposición.

Sexta.-Co obxecto facilitar que os concellos solicitantes formalicen adecuadamente a súa solicitude, na páxina web da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes serán publicados tanto os anexos a esta orde como os datos obxectivos correspondentes aos OBES.

#### *Disposicións transitorias*

Primeira.-As solicitudes presentadas e non resoltas ao abeiro da Orde do 20 de abril de 2007, pola que se regula a concesión de subvencións aos concellos de Galicia para a redacción de instrumentos de planeamento urbanístico, consideraranse como presentadas ao abeiro desta orde e seralles de aplicación o réxime xurídico previsto por esta norma. Malia isto, as entidades solicitantes ao abeiro da antedita Orde do 20 de abril de 2007, poderán renunciar á subvención solicitada a través de escrito dirixido á Dirección Xeral de Urbanismo.

Segunda.-As corporacións locais beneficiarias de subvencións concedidas para a redacción do planeamento urbanístico ao abeiro de ordes de anos anteriores ao 2007, poderanse acoller aos beneficios desta orde sempre que xunten á correspondente solicitude o acordo do órgano municipal competente en que se recolla expresamente a súa renuncia ás cantidades pendentes de libramento da axuda vixente no momen-

to da nova petición. Neste caso, a resolución de concesión da nova axuda ou subvención determinará as deducións que, en función dos libramentos anteriores, proceda aplicar en cada caso.

#### *Disposicións derradeiras*

Primeira.-Autorízase o director xeral de Urbanismo para ditar no ámbito das súas competencias, as resolucións e instrucións necesarias para o desenvolvemento e a execución desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 28 de decembro de 2007.

Mª José Caride Estévez  
Conselleira de Política Territorial, Obras Públicas  
e Transportes

#### *ANEXO A*

#### **(Artigo 12.2º a) da orde**

#### **Criterios para determinar o orzamento base estimado subvencionable (OBES) para redacción de plans xerais de ordenación municipal (PXOM)**

Datos correspondentes ao concello solicitante:		Valor resultante
C1	Poboación segundo as cifras oficiais de poboación na data 1 de xaneiro de 2006, publicadas polo Instituto Galego de Estatística:	
	• Ata 5.000 habitantes	0,80
	• Entre 5.001 e 8.000 habitantes	0,90
	• Entre 8.001 e 12.000 habitantes	1,00
	• Entre 12.001 e 20.000 habitantes	1,20
	• Entre 20.001 e 50.000 habitantes	1,50
C2	Superficie en km²:	
	• Ata 10 km²	0,75
	• Máis de 10 km² ata 30 km²	0,80
	• Máis de 30 km² ata 80 km²	0,95
	• Máis de 80 km² ata 130 km²	1,00
	• Máis de 130 km² ata 200 km²	1,10
	• Máis de 200 km² ata 300 km²	1,30
	• Máis de 300 km²	1,50
C3	Número de entidades de máis de 5 vivendas segundo o nomenclátor:	
	• Ata 20	0,80
	• Entre 21 e 40	0,85
	• Entre 41 e 80	0,95
	• Entre 81 e 130	1,00
	• Entre 131 e 200	1,10
	• Entre 201 e 300	1,15
	• Máis de 300	1,25
C4	Poboación do núcleo máis poboado:	
	• Ata 500 habitantes	0,90
	• Entre 501 e 1.000 habitantes	1,00
	• Entre 1.001 e 2.000 habitantes	1,05
	• Entre 2.001 e 5.000 habitantes	1,10
	• Entre 5.001 e 15.000 habitantes	1,25
	• Entre 15.001 e 50.000 habitantes	1,50
C5	Número de núcleos de máis de 1.000 habitantes:	
	• 1 ou ningún	1,00
	• Entre 2 e 5	1,10
	• Entre 6 e 10	1,25
	• Máis de 10	1,50
C6	Tipo de planeamento vixente:	
	• PXOM aprobado con posterioridade a 1997	1,00
	• Outras situacións	1,20





**XUNTA DE GALICIA**  
 CONSELLERÍA DE  
 POLÍTICA TERRITORIAL,  
 OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES

*ANEXO I*  
 (Art. 3.1º da orde)

PROCEDEMENTO <b>SUBVENCIÓNS PARA A REDACCIÓN DE INSTRUMENTOS DE PLANEAMENTO URBANÍSTICO</b>	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO <b>OT101B</b>	DOCUMENTO <b>SOLICITUDE</b>
--	---	--------------------------------

**DATOS DO CONCELLO SOLICITANTE**

NOME		CIF Nº	
ENDEREZO		PROVINCIA	
LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX
CORREO ELECTRÓNICO			

**E na súa representación:**

NOME E APELIDOS	DNI
-----------------	-----

**REDACCIÓN DO SEGUINTE INSTRUMENTO DE PLANEAMENTO URBANÍSTICO**

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL.  
 PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN (ART. 69 DA LEI 9/2002, DO 30 DE DECEMBRO, DE ORDENACIÓN URBANÍSTICA E PROTECCIÓN DO MEDIO RURAL DE GALICIA).  
 PLANS DE PROTECCIÓN, REHABILITACIÓN E MELLORA DO MEDIO RURAL (ART. 72 DA LEI 9/2002, DO 30 DE DECEMBRO, DE ORDENACIÓN URBANÍSTICA E PROTECCIÓN DO MEDIO RURAL DE GALICIA).  
 OUTROS (ESPECIFICAR):

**A DOCUMENTACIÓN QUE SE XUNTA, EN VIRTUDE DO PREVISTO NO ARTIGO 5 DA ORDE, É A SEGUINTE**

MEMORIA EXPLICATIVA.  
 CRONOGRAMA (ANEXO II).  
 OBES PARA PXOM (ANEXO III).  
 VALORACIÓN XUSTIFICADA ASINADA POR TÉCNICO COMPETENTE.  
 ACREDITACIÓN DA PERSONALIDADE E APODERAMENTO DO REPRESENTANTE LEGAL.  
 CERTIFICACIÓN DO ACORDO DO ÓRGANO MUNICIPAL COMPETENTE DE SOLICITAR A SUBVENCIÓN E A FINALIDADE CONCRETA.  
 DECLARACIÓN DE AXUDAS, SUBVENCIÓNS E RECURSOS ECONÓMICOS SOLICITADOS OU OBTIDOS (ANEXO IV).  
 AUTORIZACIÓN Á XUNTA DE GALICIA PARA PUBLICACIÓN DO DOCUMENTO DE PLANEAMENTO OBXECTO DE SUBVENCIÓN (ANEXO V).

De conformidade cos puntos 3º e 4º do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, e co previsto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, a consellería publicará no *Diario Oficial de Galicia* e na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas ao abeiro desta orde; e incluírá igualmente as referidas axudas e as sancións, que como consecuencia delas puidesen impoñerse, nos correspondentes rexistros públicos, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos persoais dos beneficiarios e a referida publicidade.

LEXISLACIÓN APLICABLE <i>Orde do 28 de decembro de 2007 pola que se regula a concesión de subvencións aos concellos de Galicia para a redacción de instrumentos de planeamento urbanístico, durante o ano 2008.</i>	(Para cubrir pola Administración) RECIBIDO REVISADO E CONFORME	NÚMERO DE EXPEDIENTE DATA DE ENTRADA DATA DE EFECTOS DATA DE SAÍDA
SINATURA DO/A SOLICITANTE OU PERSOA QUE O/A REPRESENTA  <i>Lugar e data</i> , de de 200		

**ANEXO II**  
(Art. 5º c) da orde)

**MODELO DE CRONOGRAMA**

Art. 15º a) da orde	Plan xeral de ordenación municipal (PXOM)																							
	ANOS MESES	ANO I			ANO II			ANO III			ANO IV													
		01	02	03	04	05	06	07	08	09	10	11	12	01	02	03	04	05	06	07	08	09	10	11
A1) Sinatura contrato de redacción																								
A2) Presentación para informe previo á aprobación inicial																								
A3) Aprobación inicial																								
A4) Aprobación provisional																								
A5) Aprobación definitiva																								

Arts. 15º b) e 15º c) da orde	Plan especial de protección: art. 69 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia																							
	ANOS MESES	ANO I			ANO II			ANO III			ANO IV													
		01	02	03	04	05	06	07	08	09	10	11	12	01	02	03	04	05	06	07	08	09	10	11
B1) Sinatura contrato de redacción																								
B2) Aprobación inicial																								
B3) Presentación para informe preceptivo e vinculante (*)																								
B4) Aprobación definitiva																								

(\*) Cubrir unicamente no caso do Plan especial de protección non previsto no PXOM

Arts. 15º d) da orde	Plan especial de protección, rehabilitación e mellora do medio rural: art. 72 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia																							
	ANOS MESES	ANO I			ANO II			ANO III			ANO IV													
		01	02	03	04	05	06	07	08	09	10	11	12	01	02	03	04	05	06	07	08	09	10	11
D1) Sinatura contrato de redacción																								
D2) Aprobación inicial																								
D3) Aprobación provisional																								
D4) Aprobación definitiva																								

Este cronograma constitúe un modelo orientativo e pódense facer as modificacións oportunas sobre o mesmo, engadindo fases e prazos segundo a necesidade do solicitante.

*ANEXO III*  
(Art. 5º d) da orde)

**ORZAMENTO BASE ESTIMADO SUBVENCIONABLE (OBES)**  
**PARA A REDACCIÓN DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL**  
(OBES=C1 x C2 x C3 x C4 x C5 x C6 x 142.000 €)

CRITERIOS PARA O CÁLCULO DO ORZAMENTO BASE ESTIMADO SUBVENCIONABLE (OBES)		Valor resultante
DATOS CORRESPONDENTES AO CONCELLO SOLICITANTE		
<b>C1</b>	<b>Poboación segundo as cifras oficiais de poboación na data 1 de xaneiro de 2006, publicadas polo Instituto Galego de Estatística</b> <input type="checkbox"/> Ata 5.000 habitantes ..... 0,80 <input type="checkbox"/> Entre 5.001 e 8.000 habitantes ..... 0,90 <input type="checkbox"/> Entre 8.001 e 12.000 habitantes ..... 1,00 <input type="checkbox"/> Entre 12.001 e 20.000 habitantes ..... 1,20 <input type="checkbox"/> Entre 20.001 e 50.000 habitantes ..... 1,50	
<b>C2</b>	<b>Superficie en km<sup>2</sup></b> <input type="checkbox"/> Ata 10 km <sup>2</sup> ..... 0,75 <input type="checkbox"/> Máis de 10 km <sup>2</sup> ata 30 km <sup>2</sup> ..... 0,80 <input type="checkbox"/> Máis de 30 km <sup>2</sup> ata 80 km <sup>2</sup> ..... 0,95 <input type="checkbox"/> Máis de 80 km <sup>2</sup> ata 130 km <sup>2</sup> ..... 1,00 <input type="checkbox"/> Máis de 130 km <sup>2</sup> ata 200 km <sup>2</sup> ..... 1,10 <input type="checkbox"/> Máis de 200 km <sup>2</sup> ata 300 km <sup>2</sup> ..... 1,30 <input type="checkbox"/> Máis de 300 km <sup>2</sup> ..... 1,50	
<b>C3</b>	<b>Número de entidades de máis de 5 vivendas segundo o Nomenclátor</b> <input type="checkbox"/> Ata 20 ..... 0,80 <input type="checkbox"/> Entre 21 e 40 ..... 0,85 <input type="checkbox"/> Entre 41 e 80 ..... 0,95 <input type="checkbox"/> Entre 81 e 130 ..... 1,00 <input type="checkbox"/> Entre 131 e 200 ..... 1,10 <input type="checkbox"/> Entre 201 e 300 ..... 1,15 <input type="checkbox"/> Máis de 300 ..... 1,25	
<b>C4</b>	<b>Poboación do núcleo máis poboado</b> <input type="checkbox"/> Ata 500 habitantes ..... 0,90 <input type="checkbox"/> Entre 501 e 1.000 habitantes ..... 1,00 <input type="checkbox"/> Entre 1.001 e 2.000 habitantes ..... 1,05 <input type="checkbox"/> Entre 2.001 e 5.000 habitantes ..... 1,10 <input type="checkbox"/> Entre 5.001 e 15.000 habitantes ..... 1,25 <input type="checkbox"/> Entre 15.001 e 50.000 habitantes ..... 1,50	
<b>C5</b>	<b>Número de núcleos de máis de 1.000 habitantes</b> <input type="checkbox"/> 1 ou ningún ..... 1,00 <input type="checkbox"/> Entre 2 e 5 ..... 1,10 <input type="checkbox"/> Entre 6 e 10 ..... 1,25 <input type="checkbox"/> Máis de 10 ..... 1,50	
<b>C6</b>	<b>Tipo de planeamento vixente</b> <input type="checkbox"/> Plan Xeral de Ordenación Municipal aprobado con posterioridade a 1997 ..... 1,00 <input type="checkbox"/> Outras situacións ..... 1,20	

CÁLCULO DO IMPORTE DO OBES	C1 x	C2 x	C3 x	C4 x	C5 x	C6 x	142.000 € =	ORZAMENTO BASE ESTIMADO SUBVENCIONABLE
	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	142.000 € =	<input type="text"/>

ORZAMENTO BASE ESTIMADO SUBVENCIONABLE (1)	PORCENTAXE DE AXUDA DE ACORDO CO ART. 12 (2)	SUBVENCIÓN SOLICITADA (1) x (2)
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

*ANEXO IV*  
(Art. 5º g) da orde)

**DECLARACIÓN DO REPRESENTANTE LEGAL DO CONCELLO SOLICITANTE**

D./Dona  con DNI nº   
 en calidade de  do Concello de

para os efectos do previsto no artigo 5, letra g) da Orde do \_\_\_\_\_, pola que se regula a concesión de subvencións aos concellos de Galicia para a redacción de instrumentos de planeamento urbanístico,

**DECLARA EXPRESAMENTE:**

1º.-Que o devandito concello ten solicitadas, aprobadas, concedidas ou pendentes de resolución as seguintes axudas, subvencións, recursos económicos ou ingresos doutras administracións públicas, entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou internacionais para a mesma finalidade para a que solicita subvención á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes.

SOLICITADAS / PENDENTES DE RESOLUCIÓN				
ORGANISMOS	ANO	IMPORTE (€)	TIPO	NORMATIVA REGULADORA
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

CONCEDIDAS / APROBADAS				
ORGANISMOS	ANO	IMPORTE (€)	TIPO	NORMATIVA REGULADORA
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

2º.-Que se compromete a comunicar cantas axudas, subvencións, recursos económicos ou ingresos solicite ou obteña para a mesma finalidade das administracións públicas, entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou internacionais, a partir da data desta declaración.

E, para que así conste ante a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, asina esta declaración

, de de 200  
(Sinatura e selo da entidade)

**ANEXO V**  
(Art. 5º h) da orde)

D./Dona		con DNI nº	
en calidade de		do Concello de	

para os efectos do previsto no artigo 5, letra h) da Orde do \_\_\_\_\_, pola que se regula a concesión de subvencións aos concellos de Galicia para a redacción de instrumentos de planeamento urbanístico, autoriza expresamente á Xunta de Galicia para que poida utilizar o documento de planeamento obxecto da subvención, publicalo de xeito convencional ou a través de páxina web, así como para que poida percibir, de ser o caso, os importes para resarcimento dos custos derivados da publicación e/ou venda de contidos do documento de planeamento subvencionado.

E para que así conste ante a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, asina esta autorización en

, de \_\_\_\_\_ de 200

(Sinatura e selo da entidade)

## CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA

*Orde do 27 de decembro de 2007 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións aos investimentos das empresas en materia das tecnoloxías da información e as comunicacións, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2008, e se procede á súa convocatoria (procedemento administrativo IN520A).*

O Parlamento de Galicia aprobou o Plan Estratéxico Galego da Sociedade da Información (PEGSI) 2007-2010, coa misión de contribuír activamente ao desenvolvemento sustentable de Galicia, de xeito que se garanta de forma real a compatibilidade entre o crecemento económico, e a creación de emprego de calidade, os maiores niveis de progreso e cohesión social no conxunto da cidadanía galega, e a preservación do medio ambiental, cultural e lingüístico propio.

O PEGSI 2007-2010 estrutúrase nun conxunto de estratexias operativas, entre as que se atopan tres estratexias de fondo contido empresarial. En primeiro lugar a estratexia de desenvolvemento do sector empresarial da Sociedade da Información, co obxecto de fomentar a innovación, a iniciativa emprendedora, as vías de cooperación e especialización, a exploración de novos modelos de negocio e a cualificación profesional dentro das empresas do sector da Sociedade da Información. En segundo lugar a estratexia destinada á aplicación das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) polo tecido empresarial, co obxecto de que as empresas, e en particular as Pemes, adecuen o seu xeito de facer negocio aos novos usos que determina a Sociedade da Información, non só incorporando tecnoloxía, senón en moitos casos reformulando os modelos e procesos de negocio. En tercei-

ro lugar a estratexia interoperabilidade, seguridade e coñecemento aberto que, na súa condición de estratexia transversal, afecta as dúas estratexias anteriores, e promove o uso dos estándares abertos para garantir a autonomía tecnolóxica do tecido empresarial galego e fomentar a súa capacidade de innovación.

A Consellería de Innovación e Industria, en virtude do Decreto 231/2006, do 23 de novembro, polo que establece a súa estrutura orgánica, exerce as competencias da Xunta de Galicia en materia de telecomunicacións e Sociedade da Información e do Coñecemento. Por medio desta orde procédeuse a executar distintas iniciativas encadradas dentro das estratexias do PEGSI xa citadas.

As actuacións desta convocatoria financiaranse coa participación do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder) e, polo tanto, a súa tramitación queda condicionada ao cumprimento da normativa da Unión Europea nesta materia.

En consecuencia, e no uso das facultades que me foron conferidas,

### Artigo 1º.-Convocatoria e bases reguladoras.

1. Esta orde ten por obxecto aprobar as bases reguladoras polas que se rexerá a concesión das subvencións da Consellería de Innovación e Industria ás empresas que realicen investimentos en materia das tecnoloxías da información e as comunicacións, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2008, que se inclúen como anexo I.

2. Así mesmo, por medio desta orde convócanse as devanditas subvencións para o ano 2008. (procedemento administrativo IN520A)

3. Esta orde tramítase como expediente anticipado de gasto, polo que a súa eficacia queda condicionada á existencia de crédito axeitado e suficiente de acordo co disposto no artigo 3 da Orde do 11 de febreiro